



## O CAN DE XOÁN

Érase unha vez un rapaz chamado Xoán que vivía nunha vila chamada A Porteira. Vivía na casa cos seus pais e cos seus dous irmáns, Serxio e Lucía, e ía á escola que estaba a uns tres quilómetros de alí. Xoán tiña un can que se chamaba Tobi. O can regalárallo o seu tío Antón e quería-lle moito.

Un día na súa casa mataron os porcos e ao can gustáballe estar por alí por se caía algún anaco de carne ao chan. Ao día seguinte á matanza, pola mañá, o can estaba na casa, pero despois de xantar o can desapareceu. Ninguén se deu conta porque era habitual que fose para a casa do veciño.

Ao cabo de tres días o can non aparecía, e foi entón cando notaron a falta del. Foron preguntar á casa do veciño e alí dixéronlles que non o vían desde o luns. Logo foron ás outras casas dos outros veciños e dixéronlles o mesmo.

Como o can era moi bo, ía coas vacas e traíaas de volta, etc., decidiron ir á súa busca. Foron por todos os lados a mirar se o atopaban mentres que dicían: "¡Tobiiiiii, volve por favor!". Pero nin rastro de Tobi. Andaban todos moi desesperados, pais e fillos, pero sobre todo Xoán. Despois decidiron ir cada un polo seu lado, un polo prado, outro polo monte e outro polo río. Así o fixeron e Xoán preguntoulle a seu pai:

-¿Ti cres que estará vivo?

-Si, home, si, ¿como non vai estar vivo? Co paso dos días atopáremolo. ¡Ánimo!

Marcharon á procura do can, pero contra a noite, cando chegaron, ningún traía rastro do can. Xoán púxose detrás da cociña e botouse a chorar. A súa nai preguntoulle:

-¿Por que choras? ¿Que che pasa?

-Nada, ique me ha de pasar....! Só que estes días non paro de pensar en Tobi, onde estará, se estará vivo ou estará morto, se pasará fame ou non...

Ao día seguinte seguiron buscando. O día anterior non se acordaran de ir mirar aos colectores do lixo, porque a el gustáballe ir dar unha volta por alí por se atopaba algunha comida ou algún animal morto. Entón foron mirar alí, pero non o atoparon; atoparon outro can parecido a Tobi pero non o era. Estiveron sete días buscando a Tobi por todos os lados, pero non o atoparon. Entón decidiron ir mirar á canceira municipal que había na vila da Porteira. Era unha canceira moi grande, collían máis de 500 cans; tiñanos metidos nunhas gaiolas de ferro e non podían saír para ningún sitio.

Segundo entraron pola porta da canceira municipal, xa viron a Tobi, que empezou a ladrar e saltar coa emoción. Dixéronlle ao señor que os acompañaba que aquel era o seu can, collérono,

metérono no coche e levárono para casa. Déronlle de comer todo o que quixo e despois déronlle unha bañadura en condicións, porque tiña moita lama polo corpo adiante. Logo botárono polo xardín e foi para a súa caseta tan boa e tan grande que tiña. Encontrouse moi feliz cando volveu ver a todos os animais que había naquela casa: as vacas, os gatos, os coellos,...

Xoán colleu a bicicleta e foi ás casas dos veciños a ensinár-llelo, para dicirlles que o atoparan san e forte. Logo decidiu ir á canceira municipal dar-lles as grazas porque llo colleran e llo mantiveran durante os días que estivera perdido por aí. Na casa de Xoán todos estaban moi contentos porque atoparan a Tobi, sobre todo Xoán.

DAVID

